



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 4	Código	613G01019	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Montoya Reyes, Ana	Correo electrónico	ana.montoya@col.udc.es	
Profesorado	Dixon , Keah Amy	Correo electrónico	keah.dixon@udc.es	
	Fowlie , James Alexander		james.fowlie@udc.es	
	Montoya Reyes, Ana		ana.montoya@col.udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa máis a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral e chegar ó nivel C1 de CEF.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A12	Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico, programas de radio e televisión, ponencias, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates...	A2 A6 A10 A11	B8 B9	C2 C3 C8
Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, ensaios, materiais de promoción ou de publicidade.	A1 A6 A8 A9 A11 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B8 B10	C2 C3 C4 C5 C6 C7
Língua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura	A6 A8 A9	B4 B5 B6 B7 B8	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Escritura: saber redactar varios tipos de textos, como informes, reseñas, textos informativos, propostas...	A1 A2 A6 A8 A11 A12 A15	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C2 C3 C4 C5 C6 C7
Gramática: demostrar comprensión e dominio da gramática inglesa acordes con un nivel C1.	A6 A8 A12 A15 A18	B3 B5 B6 B7 B10	C2 C3 C4 C7

Contidos	
Temas	Subtemas



Gramática	<p>1.1. Conxuncións: conxuncións coordinantes; conxuncións subordinantes; &quot;though/although&quot;; &quot;in spite of&quot;; &quot;despite&quot;; &quot;for&quot;; e &quot;because&quot;; &quot;when&quot;; &quot;while&quot;; &quot;as&quot;; para expresar tempo; &quot;as&quot;; con significado de &quot;when/while&quot;; ou &quot;because/since&quot;; &quot;as&quot;; &quot;when&quot;; &quot;while&quot;; usado con significado de &quot;although&quot;; &quot;but&quot;; &quot;seeing that&quot;;.</p> <p>1.2. Finalidade: expresada co infinitivo, infinitivos con &quot;go&quot;; e &quot;come&quot;; cláusulas de finalidade, &quot;in case&quot;; e &quot;lest&quot;;.</p> <p>1.3. Cláusulas concesivas, comparativas...</p> <p>1.4. Cláusulas nominais.</p> <p>1.5. O comparativo. Construcións de comparativo.</p> <p>1.6. O subxuntivo.</p>
Vocabulario	<p>2.1. Puntuación, números, gráficos...</p> <p>2.2. Turismo e hospitalidade</p> <p>2.3. Persoas e relacións</p> <p>2.4. Temas mundiais</p> <p>2.5. Pensar e sentir</p>
Expresión escrita	<p>3.1. Habilidades de presentación</p> <p>3.2. Gráficas</p> <p>3.3. Dípticos e trípticos</p> <p>3.4. Propostas</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A6 A12 A18 B3 B6 B9 C2 C3	2	15	17
Proba oral	A9 A6 B4 B7 B8 B10 C2 C5 C6	1	6	7
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 A18 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	11	12	23
Seminario	A1 A6 A10 A18 B6 C2	10	25	35
Sesión maxistral	A2 A6 A8 A11 A15 B1 C7 C8	30	30	60
Análise de fontes documentais	A2 A8 A11 B5 B6 C2	6	0	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba a realizar a finais do cadrimestre para avaliar a expresión escrita e a comprensión lectora do alumno ademais do seu dominio da gramática, sintaxis e campos semánticos especializados. Os tipos de preguntas variarán seguindo un formato similar ós exercicios realizados durante o curso.



Proba oral	Clases prácticas nas que o alumnado traballará en clase co material necesario e recibirá a información precisa para o desenvolvemento das súas habilidades de comunicación, tanto a nivel escrito como oral.
Portafolios do alumno	O alumno irá recompilando as distintas tarefas realizadas durante o curso seguindo os modelos dos contidos do curso.
Seminario	Sesións prácticas onde se realizarán lecturas de contidos relacionadas cos temas vistos no apartado de vocabulario, así como o uso de material audiovisual para discusión e debate en clase.
Sesión maxistral	Transmisión de coñecementos teóricos específicos dos contidos deseñados para o curso.
Análise de fontes documentais	Prácticas de análise de textos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral Seminario Sesión maxistral Portafolios do alumno	-Tanto os obradoiros como as diversas exposicións orais e exercicios escritos implican atención personalizada. -Ademais, o alumno pode plantexar as súas dúbidas durante as horas de tutoría presencial, ou ben a través do correo electrónico e o foro da plataforma Moodle, seguindo as instrucións proporcionadas polos docentes.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A6 A12 A18 B3 B6 B9 C2 C3	Exame final escrito que consistirá nunha combinación dos seguintes exercicios: práctica de vocabulario; comprensión de textos; tradución de textos breves ao inglés; descrición de gráficas que ilustran tendencias de diferentes temas...	40
Proba oral	A9 A6 B4 B7 B8 B10 C2 C5 C6	Exposición dun proxecto en grupo no que se valorará ademais as habilidades de presentación.	20
Seminario	A1 A6 A10 A18 B6 C2	Probas de lectura e vocabulario (10%) Exercicios de escoita para avaliar o nivel de comprensión en lingua inglesa (10%)	20
Sesión maxistral	A2 A6 A8 A11 A15 B1 C7 C8	Terase en conta a participación activa do alumnado durante as sesións maxistrais.	5
Portafolios do alumno	A1 A6 A9 A10 A15 A18 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4	Redaccións dos temas estudados no curso que deberán presentar a estrutura vista en clase.	15

Observacións avaliación



Todos os estudantes deberán participar obrigatoria e activamente nas clases presenciais, xa que se conciben como un recurso co que fomentar a súa implicación na adquisición e asimilación dos contidos. 1ª oportunidade Para SUPERAR A MATERIA os alumnos deberán reunir as seguintes condicións: 1º. A nota mínima en cada un dos seguintes apartados "proba oral", "portafolio do alumno" e "seminario" terá que ser un 40%. A media destes apartados teñe que acadar os 5 puntos sobre 10 para facer media coa proba mixta (=examen escrito).

2º. É obrigatorio chegar ó 50% na proba mixta para facer media cos apartados mencionados no primeiro apartado.

3º. En caso de non superarse algunha das partes da avaliación, e aínda que a suma final das partes sexa maior de 5, a cualificación final da materia non será en ningún caso superior a un 4,5 sobre 10.

Estudantes con dispensa académica de exención de asistencia O estudantado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) deberá comunicalo ao profesorado na primeira quincena do cuadrimestre. Este alumnado será avaliado cun sistema individualizado de avaliación acorde aos motivos de dispensa. 2ª oportunidade O mesmo método de avaliación aplícase para a segunda oportunidade e os estudantes deberán recuperar aqueles apartados da materia nos que non obtivesen unha cualificación de aprobado ou aos que non se presentaron. No caso do Obradoiro, consistirá nunha tarefa adicional a realizar como parte da Proba mixta. -Isto é válido ÚNICAMENTE para as dúas convocatorias do ano en curso. Convocatoria adiantada No caso da convocatoria adiantada, os estudantes deben realizar un exame escrito (70%) e unha proba oral (30%). Cualificación de Non Presentado Só se obterá a cualificación de NON PRESENTADO aqueles estudantes que non participaron en ningunha das actividades e tarefas que constitúen a avaliación da materia. Falta de honradez académica/ implicación de plaxio Aos estudantes que incorran en fraude académica aplicaráselles a sanción correspondente recollida no regulamento disciplinar do estudantado da UDC (art. 11, apartado 4. b).

"Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario". Atención á diversidade

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>).

Regulamento disciplinar do estudantado da UDC Artigo 11, apartado 4 b) Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario. Perspectiva de xénero - Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) - Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Barnet, Sylvan, Bellanca Pat & Stubbs, Marcia (2014). A short guide to college writing. Harvard University Press - Burgess, Sally & Amanda Thomas (2014). Gold Advanced Coursebook. Harlow: Pearson - Edwards, Lynda & Jacky Newbrook (2014). Gold Advanced. Maximiser with key. Harlow: Pearson - Fussell, Paul (ed.) (1987). The Norton book of travel. New York. Norton - Hewings, Martin (2013). Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge University Press - Lewis, Susanne (2018). Presentation skills for non-native speakers. Independently published - Maczak, Antoni (1995). Travel in early modern Europe. Cambridge. Polity Press - Quirk, Randolph & Siney Greenbaum (1985). A University Grammar of English. London: Longman - Sharpley, Richard & David J.(eds.) (2002). Tourism and development: concepts and issues. . Telfer. Clevedon: Channel View Publications. - Tims, Nicholas et al. (2014). Face2face Advanced Workbook. Cambridge: CUP - Vince, Michael (2009). Advanced Language Practice. English Grammar and vocabulary. London: MacMillan
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Allsop, Jake (2006). Test your phrasal verbs (Penguin English guides. Penguin - Jones, Christopher (1996). Listening 4 Advanced Student's Book (Cambridge Skills for Fluency). Cambridge - McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity (2017). English Vocabulary in use. Advanced (3rd edition). Cambridge - Thirn, Sheila (2013). Advanced - Student's Book (Real Lives, Real Listening). Harper Collins - McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity (2017). English phrasal verbs in use advanced. (2nd edition). Cambridge - Wallwork, Adrian (2010). English for Presentations at international conferences. Springer - Wallwork, Adrian (2013). English for Academic Research: Grammar, Usage and Style (English Edition). Springer

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 3/613G03015

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Observacións

-Os obxectivos de aprendizaxe deste módulo enmárcanse nun nivel C1 dentro da escala descrita no Marco común europeo de referencia para as linguas. -Por outra banda, os estudantes tamén deben lembrar que estudar unha lingua require perseveranza e continuidade ao longo do tempo.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías